

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 05/03/2016.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.  
D<sup>a</sup> Sabela Iñiguez Cinza.  
D. Manuel Varela Mecías.  
D<sup>a</sup> María Amparo Calvo González.  
D. Jesús Manuel Soto Vivero.  
D<sup>a</sup> Ana Belén Breijo Gundín.  
D. Manuel Beceiro Couce.  
D. Manuel Romero Castrillón.  
D. Andrés Fernández Graña.  
D<sup>a</sup> Silvia Fernández Muiño.  
D. Eduardo Lourido Doval.  
Secretario:  
D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta minutos do día cinco de marzo de dous mil dezaséis, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día nove de xaneiro do presente ano dous mil dezaséis. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. APROBACIÓN DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL "8 DE MARZO. DÍA DA MULLER".

Dase conta da declaración institucional xa acordada entre os gupos políticos e favorablemente dictaminada de maneira unánime pola Comisión Informativa competente do Concello, que a concelleira Sra. Breijo le de seguido e que literalmente di:

*"Van xa 159 anos desde que aquel 8 de marzo de 1857 un grupo de obreiras téxtiles saíse á rúa en Nova York para protestar polas súas condicións laborais. Hoxe en día, esta data reivindica e simboliza a loita incansábel das mulleres do mundo na defensa dos seus dereitos laborais e a defensa da igualdade. Neste marzo de 2016 a realidade continúa a evidenciar que a crise agravou a situación de desigualdade e precariedade das mulleres. Diante do discurso falaz da igualdade conseguida diferentes estudos,*

*informes e enquisas recollen datos sobre a crecente situación de precariedade laboral e traballo vulnerábel que viven as mulleres galegas. A fenda salarial segue a ser unha realidade aínda por atallar. Seguen a ser as mulleres quen lideran as estatísticas de emprego temporal e parcial. No que atinxe ao traballo non remunerado, as desigualdades no reparto das responsabilidades repercuten negativamente sobre as mulleres que tamén sofren a sobrecarga derivada da redución do apoio ás necesidades de coidados.*

*Moitos foron os pasos que se levan dado a favor da igualdade entre mulleres e homes, pero non podemos esquecer que a día de hoxe, desgraciadamente, en moitos lugares hai pasos que dar para recuperar os dereitos máis básicos das mulleres. En Galiza, cando aínda as leis e as normativas xa teñen establecido un marco xeral a favor da igualdade, tamén se teñen que dar moitos avances, xa que se segue estendendo o discurso de falsa igualdade o cal non fai máis que debilitar as medidas que se deben activar a favor da igualdade, amosando unha situación irreal.*

*A corporación municipal de San Sadurniño temos claro que a tarefa da consecución da igualdade real é unha labor diaria e que a todas e todos nos corresponde tanto nas institucións e na sociedade, propor e decidir para que o traballo e o emprego se distribúan en condicións dignas, para que as tarefas dos coidados sexan compartidas para que a afectividade e a sexualidade se vivan de maneira diversa, libre e segura, para que se superen os estereotipos e roles, para que desaparezan os ataques sexuais e sexistas, para que a precariedade e a pobreza non teñan nome de muller e para que se dean as mesmas opcións reais de decisión nos centros de poder, entre outros factores.*

*Para poder acadar todo isto, para construír un novo modelo social, deben de tomarse medidas normativas, técnicas e económicas audaces, deixando a un lado os actuais recortes que estamos a sufrir.*

*Por iso o Concello de San Sadurniño, porque tamén temos cousas por facer, imos seguir traballando neste eido, levando a cabo as actuacións recollidas no II PIOMH e poñendo a disposición todos os recursos precisos que contribúan a acadar a tan reclamada igualdade de dereitos entre mulleres e homes nos diferentes ámbitos da sociedade.*

*E Como dicía Manuel María:  
"As mulleres galegas-labregas,  
mariñeiras, artesás, obreiras,  
pasado, pobo, presente,  
alma e futuro de Galicia-  
as que non foron cantadas"*

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar esa declaración institucional.

### TERCEIRO. APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N.º 01/2016.

Dase conta polo Sr. Soto do expediente tramitado para a aprobación da modificación de créditos número 01/2016, coa modalidade de suplemento de créditos financiado con baixas noutras partidas, concretamente coa baixa de 18.000 euros na aplicación presupostaria 231-13100, correspondente a retribucións do persoal do servizo de axuda no fogar. No expediente constan os informes favorables de Secretaría-Intervención. A finalidade deste expediente é a financiación das obras de "Pavimentación de camiños municipais", segundo proxecto técnico obrante no expediente, redactado polo enxeñeiro Igor Vergara Otero para a súa inclusión no Plan Marco mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado co FEADER ao

abeiro do PDR de Galicia 2014-2020. Segundo explica o Sr. Soto, co importe deste expediente financiarase o IVE dese investimento, unha partida non cuberta polo Feader.

O expediente foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

As altas en aplicacións ou partidas de gastos son as que seguidamente se indican:

Partida: grupo e artigo	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
453-60901	0,00 (non existe)	18.000,00	18.000,00

As baixas en partidas de Gastos son as seguintes:

Partida: capítulo, artigo e concepto	Consignación actual	Baixa	Consignación resultante
231-13100	306.175,00	18.000,00	288.175,00

O Sr. Lourido amosa a súa conformidade coa proposta e, con referencia ós antecedentes do informe de Intervención que figura no expediente, no que se fai referencia á insuficiencia dos medios persoais, materiais e técnicos cos que conta ese departamento, solicita que se adopten as medidas necesarias para resolver esa situación.

O Sr. Romero tamén está de acordo co fondo do asunto, e tamén solicita que se adopten medidas en relación coa insuficiencia de medios á que se fai referencia no referido informe de Intervención, preguntando polas medidas que se preve adoptar sobre ese asunto.

O Sr. Soto resposta que é o PP quen non deixa contratar e que o asunto prantexado polos portavoces do PSOE e o PP non forma parte da Orde do Día, polo que poderá debatirse noutro momento e polo órgano competente do Concello, xunto con algunhas outras cuestións de interese. O Sr. Lourido clarexa que a súa intervención anterior non é unha crítica, senon que quere saber como podería darse unha solución a este problema. O Sr. Soto di que se trata dun problema común a moitas administracións, non se permite contratar máis persoal, pero a carga de traballo é moi superior dende hai cinco ou seis anos. Hai que cumprir a lei e este asunto debe debatirse noutro ámbito.

O Sr. Alcalde di que en tódolos concellos hai un so secretario-interventor e que debe facer o seu traballo, aínda que outra cousa é o reparto do traballo administrativo entre o resto do persoal.

O Sr. Romero interven de novo para pedir que se soliciten os informes con maior antelación, respostándose polo Sr. Alcalde que o informe para este expediente non tiña traballo ningún e faise en medio minuto. Di tamén que nos informes do secretario-interventor, que leva máis de vinte anos neste Concello, nunca se fixeron este tipo de consideracións ata hai algo máis dun ano, cando pensa que agora hai a mesma carga de traballo. E remata decindo que se pode abrir un debate sobre a Relación de Postos de Traballo condo se quera.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar o expediente de modificación de créditos nº 01/2016, ordeando a realización dos trámites precisos para a súa entrada en vigor coa brevidade posible.

#### CUARTO. MOCIÓN DO PSOE RELATIVA Á REVISIÓN CATASTRAL DE INSTALACIÓNS.

Dase conta da moción presentada polo portavoz do grupo municipal do PSOE no rexistro de documentos do Concello, con data do 25/02/16, relativa a revisión catatral de explotacións

agrarias e gandeiras, e de que o Sr. Lourido xa solicitou na Comisión Informativa que se retirase esa proposta da Orde do Día para introducir algunhas melloras e formular unha nova redacción antes do seu debate, proposta que foi dictaminada favorablemente. Engade agora que o tema pode ter un gran impacto sobre persoas que teñan propiedades vinculadas a explotacións agropecuarias, aínda que xa non estean en produción.

A Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda deixar o asunto sobre a mesa ata a próxima sesión que se celebre.

#### QUINTO. ROGOS E PREGUNTAS.

Toma a palabra o Sr. Lourido para formular o rogo de que se considere a posibilidade de adicar parte do importe das subvencións que vai conceder a Deputación para proxectos medioambientais para a contratación de persoal que realice este tipo de actuacións, de maneira que se contribúa a paliar o alto índice de paro que hai na zona.

O Sr. Alcalde di que se estudiará esa posibilidade cando se publique a convocatoria correspondente, que se preve destinar en principio ó cambio da carpintería exterior do Pazo da Marquesa para mellorar o seu illamento.

Interven de seguido o Sr. Romero, para preguntar se non se considera excesivo o incremento do 25% nas retribucións do Alcalde, a engadir ás cantidades percibidas como gastos de desprazamento.

O Sr. Alcalde resposta que se cobran agora menos gastos de desprazamento que en 2007, cando eran unha media de 300 ou 400 euros ó mes, cantidade á que el non chegou nunca.

O Sr. Romero insiste na súa pregunta, e o Sr. Alcalde resposta que non lle parece excesivo.

Pregunta tamén o Sr. Romero pola reparación dunha pista en Piñeiros, moi deteriorada pola saca de madeira.

O Sr. Alcalde resposta que esa pista pertence á Xunta, polo que haberá que preguntar a Feijoo, e que o vial do Concello que hai na zona asfaltarase este ano con cargo ó Plan de Obras e Servizos da Deputación.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as once horas e cincuenta e seis minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,